

GONOCOCO EXTREMADAMENTE RESISTENTE: MÁIS CERCA DO QUE PENSAS

O 07/01/2019 o Reino Unido declarou dous casos de infección por gonococo extremadamente resistente. Os dous illados eran resistentes a ceftriaxona, susceptibilidade intermedia a azitromicina, e ademais foron resistentes a cefixima, penicilina, ciprofloxacino e tetraciclina, e sensibles a espectinomicina.

O primeiro caso, foi unha muller que dixo que tivo un contacto sexual ocasional, en Ibiza, no mes anterior, cun home de nacionalidade inglesa; esta muller respondeu ben ao tratamento recomendado (ceftriaxona e azitromicina).

O segundo caso foi nunha muller que tivo un contacto sexual ocasional, no Reino Unido, cun home inglés que estivera de xuño a setembro en Ibiza; esta muller non respondeu ao tratamento recomendado, nin á combinación xentamicina máis azitromicina, e finalmente tivo que tratarse con ertapenem iv.

CEFTRIAXONA 500 mg
(1 dose i.m.)
+
AZITROMICINA 2 g
(1 dose oral)

Na fonte na que se recolle esta nova (OMS) non se indica se se chegou a identificar a fonte ou fontes de infección destes casos.

Isto é un claro exemplo da globalización do problema e pon de relevancia a importancia de manter unha adecuada vixilancia da *Neisseria gonorrhoeae*, solicitando, SEMPRE que se sospeite desta infección, unha mostra de cultivo que permita ter o antibiograma. As recomendacións sobre a toma de mostras pódense consultar na seguinte [ligazón](#).

Ademais, compre recordar que todas as persoas que nos 60 días previos ao inicio dos síntomas tiveron relacións sexuais (tamén as oro-xenitais) co enfermo deben recibir o mesmo tratamento que os casos e, se é posible, tomarlle tamén mostra para cultivo antes de que inicie o devandito tratamento (e se non houberse ningunha persoa neses 60 días, tratarase á última coa que tivo relacións sexuais).

ABROCHO POR ÉBOLA NA REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO (V): ACTUALIZACIÓN

Continúa vixente o abrocho por Ébola da República Democrática do Congo (RDC), iniciado o 01/08/2018.

Dende o inicio do abrocho notificáronse xa 973 casos (773 confirmados, 65 probables e 135 sospeitosos), incluíndo 534 defuncións (o que supón unha letalidade do 55%). Este é o maior dos abrochos rexistrados na RDC e o segundo máis grande, no mundo, despois do abrocho de África Occidental, que se mantivo dende 2014 a 2016.

A maioría dos casos rexistrados son da provincia de Kivu do Norte, sendo as zonas sanitarias de Beni e Katwa as máis

afectadas. Ademais de ter casos outras 12 zonas sanitarias de Kivu do Norte, víronse afectadas 5 áreas sanitarias da provincia de Ituri [Apéndice].

Como resposta ao abrocho, continúa a estratexia de vacinación en anel das áreas afectadas. Dende o 8 de agosto e ata mediados de febreiro, vacináronse xa 80.491 persoas.

A OMS mantén que o risco de propagación da enfermidade a nivel nacional e aos países limítrofes á RDC (principalmente Uganda e Ruanda) é moi alto. O risco de que apareza un caso en España segue a ser extremadamente baixo.

ABROCHOS DE MERS-CoV NO GOLFO PÉRSICO

O 04/02/2019 as autoridades sanitarias de Omán notificaron un abrocho de MERS-CoV, con 5 casos confirmados, incluída unha defunción. Os casos, mulleres de entre 30-59 anos, residentes na rexión de Batinah Norte, ocorreron a finais de xaneiro. O caso índice (éxito) nin tivo contacto con outros pacientes enfermos, nin antecedente de viaxe recente, nin ningún episodio de ingreso previo no último mes, nin tampouco contacto con dromedarios. Os casos secundarios detectáronse no ámbito familiar. Como resultado do estudo do abrocho, identificáronse 60 contactos familiares, 26 deles clasificados como de alto risco.

Por outra banda, declarouse outro abrocho de MERS-CoV en Arabia Saudí, con 14 casos, entre os que houbo casos secundarios tanto entre convivintes coma entre sanitarios.

Deste xeito, Arabia Saudí segue a ser o país con máis casos declarados, dende que no 2012 se identificara o primeiro

caso coñecido. Dende entón, o número de casos totais ascendeu a 2.298 (incluíndo 811 éxitos) cunha idade media entre 53 e 57 anos, e un porcentaxe maior de homes afectados. A distribución dos casos por ano, pódese ver no gráfico do apéndice.

DASE POR FINALIZADA A ONDA DO VIRUS RESPIRATORIO SINCICIAL EN GALICIA:


Na semana 07/2019 deuse por finalizada a onda estacional do virus respiratorio sincicial (VRS) da tempada 2018/19, despois de 11 semanas seguidas nas que a porcentaxe de positividade para o VRS mantívose igual ou por riba do 10%, que é o valor considerado como limiar para marcar o inicio e o fin da onda ([ligazón](#)).

APÉNDICE

ABROCHO POR ÉBOLA NA REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO (V): ACTUALIZACIÓN

Distribución dos casos de Ébola nas provincias de Kivu do Norte e Ituri, segundo os últimos datos facilitados pola OMS (neste caso, con datos declarados so ata o 10/02/2019):

https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/281194/SITREP_EVD_DRC_20190212-eng.pdf?ua=1



ABROCHOS DE MERS-CoV NO GOLFO PÉRSICO

Distribución dos casos de MERS-CoV declarados por ano e país, dende 2012.

<http://www.emro.who.int/health-topics/mers-cov/mers-outbreaks.html>

